# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

# IES XELMÍREZ II

**CURSO 2021-2022**

# Sumario


INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN....3
INTRODUCIÓN....3
MARCO LEXISLATIVO....4
CONTEXTUALIZACIÓN....5
OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE ESO....7
OBXETIVOS XERAIS DA AREA DE MÚSICA....8
COMPETENCIAS CLAVE DE ETAPA....9
DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE MÚSICA ....11
CONCRECIÓN POR CURSO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS NA ESO....16
PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL NA E.S.O....18
SEGUNDO CURSO DA E.S.O....20
CONCRECIÓN DOS CONTIDOS....20
CRITERIOS DE AVALIACIÓN....23
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE....27
CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DA TEMPORALIZACIÓN,A CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE, E OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA SEGUNDO DA ESO....30
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE....35
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PARA SEGUNDO DA E.S.O ATENDENDO OS DISTINTOS ESCENARIOS COVID....42
TERCEIRO CURSO DA ESO....40
OBXECTIVOS....40
CONTIDOS TERCEIRO CURSO DA ESO....41
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PARA TERCEIRO CURSO DA ESO....44
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN PARA O TERCEIRO CURSO DA ESO....49
CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DA TEMPORALIZACIÓN,A CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE, E OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN TERCEIRO DA E.S.O....53
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE....60
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PARA TERCEIRO DA E.S.O ATENDENDO AOS DISTINTOS ESCENARIOS COVID....64
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS....67
INTRODUCIÓN DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS DURANTE O CURSO 2019-2020 EN 6º DE PRIMARIA e EN PRIMEIRO DE BACHARELATO DE MÚSICA Á NOVA PROGRAMACIÓN....70
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CON ATENCIÓN A SITUACIÓN ACTUAL DE PANDEMIA....70
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ADAPTADOS AO CONTEXTO COVID....72
PLANS DE TRABALLO PARA ALUMNOS QUE TEÑAN A ASIGNATURA PENDENTE....74
Metodoloxía específica do área....75
METODOLOXÍA EN CASO DE SUSPENSIÓN DAS CLASES OU ENSINO SEMIPRESENCIAL....77
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE....78
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR....81
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC....82
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA....84
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS....86
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA....86

# INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## INTRODUCIÓN

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

# MARCO LEXISLATIVO

Esta programación ríxese pola seguinte lexislación

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación

secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Protocolo de adaptación al contexto de la Covid-19 en los centros de enseñanza no universitaria de Galicia para el curso 2021-2022 - versión 06/07/21

Resolución do 10 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

RESOLUCIÓN de 17 de junio de 2021, de la Secretaría General de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo de las enseñanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria y bachillerato en el curso académico 2021/22.

No caso da música tamén se prestará atención á RESOLUCIÓN do 25 de Xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de Xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo de 12 de Xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer frente á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

# CONTEXTUALIZACIÓN

IES Arcebispo Xelmírez II é un centro que está situado na zona norte de Santiago, en Salgueiriños. A súa principal zona e influencia son os barrios de Vite e Vista Alegre, e outros, como Meixonfrío, As Cancelas ou Fontiñas, que comparte con outros centros, así como a zona rural do norte de Santiago, estendéndose no caso do bacharelato ata concellos limítrofes que non contan con centros que oferten esta etapa.

Na parte urbana desta zona existen moitas vivendas de promoción pública, e en xeral a extracción social das familias é media-baixa.

A construción deste centro, no ano 1984, respondeu á cobertura das necesidades da zona norte

da cidade, a raíz do traslado do antigo Instituto de Bacharelato Arcebispo Xelmírez,situado no actual complexo administrativo de San Caetano, e que se desdobrou no instituto Arcebispo Xelmírez I, situado na zona sur da cidade, e o noso centro.

O centro recibe alumnado dos seguintes centros de educación primaria: CEIP de Vite, CEIP de Prácticas López Ferreiro, CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e CEIP Arquitecto Casas Novoa (A Sionlla, Santiago) e dos seguintes centros de educación secundaria: IES de Oroso (Oroso), CPI de Viaño Pequeno (Trazo) e CPI de Bembibre (Val do Dubra)

Esta programación anual elabórase polo departamento de música do IES Arcebispo Xelmírez II en Santiago de Compostela para o curso 2021/2022, e corresponde ós cursos 2º e 3º de ESO E 1º de BACH regulados pola LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa).

Durante o curso 21-22 o departamento está formado por Ana Belén Blanco Varela, funcionario de carreira da especialidade de música e con destino definirivo no centro dende este curso académico

Impartirá docencia nos cursos 2º e 3º de ESO e en 1ºde BACH. Este ano non se formó grupo de 4º ESO e tampouco en 2º de Bacharelato. Ademáis toda a metodóloxía verase adaptada ao longo do curso ao protocolo Covid-19 implantado nos centros educativos de Galicia.

A pesar de que o centro precisa espazos para a distribución das aulas recupérase a aula de música que on pasado ano estivo destinada a impartir docencia en 2ºBACH

O instrumento individual seguirá a ser o ukelele como o ano pasado por non poder empregar a frauta (non viable nas circunstancias actuais ao ser un instrumento de vento).Este instrumento xa é coñecido polos alumnos de terceiro e é fácil de transportar e económico.

🕐 Continuaráse traballando a través da aula virtual do centro e realizaráse a entrega de tarefas do mesmo xeito que durante o confinamento, deste forma garántese unha continuidade educativa nas diferentes modalidades (presencial, semipresencial, non presencial).

🕐 Profundirase nas TICS en especial na aprendizaxe de programas específicos de música que faciliten a entrega de tareas online.

🕐 Esta programación adaptouse tendo en conta unha educación presencial, semipresencial e non presencial.

# OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f ) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i ) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

l ) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.

n ) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

# OBXETIVOS XERAIS DA AREA DE MÚSICA

a Desenvolver a audición musical a través do recoñecemento dosparámetros do son e os elementos básicos de linguaxe musical.

2. Manexar os elementos de representación gráfica da música na lectura eescritura musical.
3. Desenvolver a capacidade de improvisación musical.
4. Dominar nocións básicas de composición e formas de organización musical.
5. Interpretar musicalmente obras sinxelas desenvolvendo as súas capacidades e habilidades musicais e de traballo en grupo.
6. Respectar as creacións musicais propias e alleas.
7. Investigar as posibilidades sonoras de obxectos e as distintas fontes.
8. Discriminar auditivamente os distintos instrumentos, as voces e assúas agrupacións.
9. Descifrar o código musical na lectura de partituras.
10. Valorar o silencio na audición musical.
11. Discernir distintos tipos de música e a súa procedencia cultural.
12. Describir a organización e a estruturación musical dunha obra interpretada en vivo ou gravada.
13. Localizar e interiorizar situacións nas que se produce un uso indiscriminado do son e propoñer

solucións.

14. Relacionar a música con outras disciplinas.

15. Mostrar interese por músicas de diferentes culturas e diversificar as preferencias musicais.

16. Coñecer o patrimonio cultural español e adoptar unha actitude deconservación e transmisión deste.

17. Desenvolver unha actitude crítica e unha capacidade de argumentacióne razoamento en cuestións musicais.

18. Valorar a música actual desenvolvendo unha capacidade de análisecrítica e interese polos seus elementos creativos e innovadores.

19. Manexar as ferramentas tecnolóxicas na gravación, a reprodución, acreación ou a interpretación musical.

20. Utilizar os recursos informáticos como medios de aprendizaxe einvestigación do feito musical.

# COMPETENCIAS CLAVE DE ETAPA

As competencias clave defínense como: “*a aplicación do conxunto de capacidades, coñecementos habilidades destrezas e actitudes que interveñen de forma integrada para dar resposta a demandas complexas e transferir as aprendizaxes a diferentes contextos, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e tarefas e a resolución eficaz de problemas complexos*.”

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identificáronse sete competencias básicas:

En Galicia, no artículo 2 “Competencias clave” do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, establécese que o currículo da educación secundaria deberá incluír, de acordo co recollido na orden ECD 65/2015, as seguintes competencias:

a) Comunicación lingüística.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

c) Competencia dixital.

d) Aprender a aprender.

e) Competencias sociais e cívicas.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

g) Conciencia e expresións culturais.

Criterios que traballaremos, fundamentalmente nesta competencia:

**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).**

O desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística ao final da educación obrigatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, recollendo as normas do Estatuto de autonomía, todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais, o galego, lingua propia de Galicia, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira.

**COMPETENCIA MATEMATICA E COMPETENCIAS BASICAS EN CIENCIA E TECNOLOXIA (CMCCT).**

Supón aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoio adecuadas, e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacións da vida de distinto nivel de complexidade.

**COMPETENCIA DIXITAL (CD).**

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

**COMPETENCIAS SOCIAIS E CIVICAS (CSC).**

Esta competencia supón comprender a realidade social en que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

**CONCIENCIA E EXPRESIONS CULTURAIS (CCEC).**

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilizalas como fonte de enriquecemento e desfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

**APRENDER A APRENDER (CAA).**

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal se desenvolve a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

**SENTIDO DE INICIATIVA E ESPIRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).**

Esta competencia supoñen ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

# DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE MÚSICA .

Coa aprendizaxe da música as alumnas e os alumnos que rematen o ensino obrigatorio acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén desenvolverán as competencias básicas seguintes:

**COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.**

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, da lectura sobre mulleres compositoras ou relacionadas dalgún xeito ca música e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádanse nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e

mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtitulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

Comprender o sentido dos textos escritos e orais.

Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.

Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Aprender un repertorio de cancións –orais e escritas– en lingua galega e castelá.

Empregar a voz e o propio corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

Relacionar o ritmo coa palabra.

**COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.**

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

Manexar os comecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, compreender o que ocorre ao noso arredor.

Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática en ritmogramas e musicogramas.

Traballar a relación matemática dos compases cos elementos que integran a escritura no pentagrama.

Adquirir coñecemento instrumental fixándose no corpo vibrante e na súa orixe.

**COMPETENCIA DIXITAL.**

Neste curso académico case tódalas tarefas que se vaian facendo colgaranse na aula virtual de Música ao consistir moitas delas en tocar instrumentos de xeito virtual, aprender notas, figuras, compases, intervalos….. con gamificación

Na área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, á parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

Os descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

Elaborar e publicitar información propia derivada da información conseguida a través de medios tecnolóxicos.

Empregar distintas fontes para a pesquisa de información.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento musical.

Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4, minidiscs…

Manexar básicamente edición de mp3 e mp4 paar poder enviar pequenos podscasts e vídeos pola AV.Esto irase implementando no ensino presencialñ para logo non ter problemas con estas tarefas.

**APRENDER A APRENDER.**

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

Identificar potencialidades personais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...

Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e os logros acadados por medio da autoavaliación.

Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas; así como nos remates plásticos das follas.

Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.

Valorarase, en especial, o interese do alumnado por tentar superarse a nivel tecnolóxico, e adaptarse ás novas circunstancias.Independentemente do nivel de partida.

Aprender e practicar estratexias linguïsticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.

**COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicaisproceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

Desenvolver a capacidade de diálogo con demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.

Amosar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Evidenciar preocupación por los más desfavorecidos y respeto a los distintos ritmos y potencialidades.

Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.

Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.

Traballar o respecto e a actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros se discriminar a ninguén.

**SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

Aprendendo a ler e interpretar partituras, a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia: Asumir as responsabilidades encomendadas e dar

conta delas.

Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

Contaxiar entusiasmo porla tarefa e ter confianza nas posibilidades de acadar obxectivos. Xenerar novas e diverxentes posibilidades desde

coñecementos previos dun tema.

Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian. Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións

novas. Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou de proxectos.

Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías; ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais; grazas ás gabanzas do profesorado.

Valorar e coidar a voz cantando sen forzar as cordas vocais, de forma natural e desinhibida.

Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curisidade e creatividade na aprendizaxe.

**CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS**

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia: Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e amosar gusto pola estética no ámbito cotián.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Amosar respeto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertente (artístico- literaria, etnográfica, científico técnica...), e cara ás persoas que contribuíron no seu desenvolvemento.

Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

# CONCRECIÓN POR CURSO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS NA ESO

| | 2ºE.S.O | | 3ºE.S.O | |
|---|---|---|---|---|
| | ESTÁNDARES TOTALES | % | ESTÁNDARES TOTALES | % |

| COMPETENCIAS | Número de estándares que se traballa en cada competencia | | Número de estándares que se traballa en cada competencia | |
|---|---|---|---|---|
| CCL | 5 | 9 | 6 | 10 |
| CMCCT | 2 | 4 | 0 | 0 |
| CD | 5 | 9 | 4 | 7 |
| CAA | 6 | 11 | 13 | 22 |
| CSC | 4 | 7,5 | 6 | 10 |
| CSIEE | 5 | 9 | 5 | 9 |
| CCEC | 26 | 49 | 24 | 41 |

# PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL NA E.S.O

A traves da avaliación inicial na ESO chegaremos a coñecementos dos niveis, característicase necesidades dos alumnos que nos permitirán tomar unha serie de decisións relativas a :

Planificar e programar actividades docentes. -adoptar Medidas de atención á diversidade .

-metodoloxía a empregar.

É necesario que exista un intercambio de opinións e información entre os membros do equipo educativo.

Se debe atender aos posibles recursos e capacidades xerais e particulares dos alunnos, analizar as súas perspectivas e intereses e os seus potenciais.

A avaliación inicial na materia de música.

Se realizará unha avaliación inicial ao principio de curso académico e unha avaliación ao principio de cada unidade didáctica.

No que respecta a avaliación ao principio do curso académico se levará a cabo en tres ou catro sesións lectivas mediante os seguintes procedementos :

-Posta en común co alumnado dos seus intereses, coñecementos (no caso de que toquen algún instrumento ou realizan algunha actividade musical fóra do horario lectivo), e motivacións musicais.

-Pequena proba escrita conceptual con apartado de audición e discriminación auditiva. .No caso de 2º da ESO moi básica para comprobar que lembran os conceptos básicos de primaria.E no caso de 3º da ESO baseada nos mínimos esixibles do anterior curso.

-Se propondrá ademais a lectura e debate de un texto relacionado coa área .

-Por último en se propondrá unn pequeno exercicio musical para realizar en conxunto para anticipar as súas actitudes para levar a cabo actividades musicais de xeito grupal e anticipar o traballo na aula a este respecto.

-Se intercambiará información co titor e equi po docente de cada alumno de xeito individualizado e ademais no caso de 2º da ESO se fará un pequeno rastrexo da súa evulución ao longo da etapa primaria na área de música.

.Proporase tamén un pequeno cuestionario a través da AV no que se avaliará o seu desenvolvemento coas TIC

Unha vez realizada esta avaliación inicial e dadas as características da mesma se tomarán as medidas convintes respecto á metodoloxía a empregar, as medidas de atención á diversidade , e a planificación de actividades docentes

Ao principio de cada unidade didáctica se avaliarán os coñcementos previos, intereses, motivacións dos alumnos ao respecto dos temas a tratar.Se levarán a cabo mediante os seguintes procedementos :

-Debate en clase.

-Batería de preguntas .

-Se propondrán sinxelos exercicios prácticos musicais para avaliar as súas actitudes e coñecementos no que respecta á parte práctica.

Esta avaliación inicial nos servirá para afianzar ou modificar aspectos como a metodoloxía didáctica , os recursos didácticos e a secuenciación de contidos previstos para a devandita unidade didáctica.

# SEGUNDO CURSO DA E.S.O

## CONCRECIÓN DOS CONTIDOS

**Bloque 1. Interpretación e creación**

1. O son, os parámetros do son e a súa representación gráfica.
2. Afondamento no coñecemento da linguaxe musical e na súa práctica.
3. O ritmo: pulso, compás, fórmulas rítmicas e tempo.
4. A melodía: organización do discurso melódico, frases e estruturasmelódicas, intervalos e escalas, tonalidade e modalidade.
5. A harmonía: consonancia e disonancia, construción de acordeselementais.
6. A textura: horizontalidade e verticalidade; polifonía, monodia, melodíaacompañada, homofonía e outros.
7. Procedementos compositivos: repetición, imitación, variación,desenvolvemento, improvisación.
8. Formas: estruturas binarias, ternarias e outras.
9. Lectura e escritura musical como apoio para a interpretación e acreación.
10. A voz ( sempre que o contexto o permita, é dicir a 3m de distancia fóra ou no ximnasio), a palabra, os instrumentos e o corpo como medios de expresiónmusical: características e habilidades técnicas e interpretativas.
11. Interpretación dun repertorio de pezas vocais (sempre que o context opermita, é dicir a 3m de distancia fóra ou no ximnasio) , instrumentais e de danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas.
12. Interpretación dun repertorio de pezas vocais, instrumentais e dedanzas do patrimonio español.
13. A interpretación individual e en grupo: pautas básicas dainterpretación.
14. Improvisación vocal, instrumental e corporal: individual e en grupo,libre e dirixida.

**Bloque 2. Escoita**

1. A audición como forma de comunicación e como fonte de coñecementoe enriquecemento intercultural.
2. Utilización de diferentes recursos para a comprensión da músicaescoitada: corporais, vocais, instrumentais, medios audiovisuais e tecnoloxías, textos, partituras, musicogramas e outras representacións gráficas.
3. Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces einstrumentos e de distintas agrupacións vocais e instrumentais.
4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical e identificación destes na audición.
5. A música en directo: os concertos e outras manifestacións musicais.
6. A contaminación acústica: detección e prevención.

**Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical occidental e doutras culturas.
2. Manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español.
3. Recoñecemento da pluralidade de estilos na música actual.
4. A presenza da música nas diferentes manifestacións artísticas: danza,teatro, artes plásticas, cine, literatura e outras.

**Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Tecnoloxías da Información e a Comunicación e outros dispositivos electrónicos nos procesos de creación, gravación e reprodución e interpretación musical.

2. Coñecemento e comprensión do feito musical a través das novas tecnoloxías (souncloud, spotify, youtube……)
3. Investigación musical e novas tecnoloxías.Neste apartado cabe destacar que un espazo da materia está adicado á edición e produción musical con programas básicos polo que dalgún xeito estanse a fomentar as novas tecnoloxías
4. Recursos para a conservación e a difusión das creacións musicais.Rexistro das composicións propias, usando distintas formas de notación e diferentes técnicas de gravación.
5. Tódalas actividades que vaiamos facendo vanse colgar da Av co que estase a desenvolver continuamente a competencia dixital do alumnado

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**Bloque 1. Interpretación e creación**

1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxemusical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicalos a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxemusical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou aaudición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

1.3. Identifica e transcribe ditados de padróns rítmicos e melódicos conformulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música(colocación das notas no pentagrama, clave de sol en segunda liña, duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices, indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representacióngráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol, duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices, indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crea cancións, pezas instrumentais e coreografías.

4. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través daaudición e a lectura de partituras, os diferentes tipos de textura.

4.1. Recoñece, comprende e analiza diferentes tipos de textura.

5. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e asformas de organización musical.

5.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.

6. Mostrar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

7. Mostra interese polo coñecemento e o coidado da voz, o corpo e osinstrumentos.

7.1. Canta pezas vocais propostas( sempre que o contexto o permita, é dicir a 3m de distancia fóra ou no ximnasio), aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

7.2. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e aentoación.

7.3. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

7.4. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

8. Demostrar interese polas actividades de composición e improvisación e mostra respecto polas creacións dos seus compañeiros.

8.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

